

M. GONZÁLEZ

Vigo

O catedrático Xavier Labandeira falará esta tarde (20.00, Auditorio Municipal), dentro do programa do IV Ciclo de Montaña, Medio Ambiente e Cambio Climático Ci- dade de Vigo, do custo económico do cambio climático. Ademais da súa carreira investigadora e de levar a dirección de Economics for Energy, é partícipe en ECOBAS, investidador afiliado ao MIT e membro do consello científico do Real Instituto Elcano.

**– Cales son os efectos económicos más críticos a curto e longo prazo do cambio climático?**

– No curto prazo estamos especialmente preocupados polos eventos extremos, aqueles cuja maior probabilidade de aparición e intensidade están claramente vinculados pola ciencia cos procesos de cambio climático. Graves inundacións, como as vividas hai pouco en Valencia, ou vagas de calor extraordinarias e recorrentes entrañan nesta tipoloxía e causarían inmensos danos socio-económicos. No medio e longo prazo destacaíría os efectos de retroalimentación dos sistemas naturais, que a ciencia considera probables unha vez se superen determinados niveis de concentracións contaminantes na atmosfera, que porán en marcha cambios globais con gravísimos impactos sobre as sociedades humanas. Neste caso a nosa variable de control actual, as emisións de gases de efecto invernadoiro, deixaría de gobernar os procesos de cambio climático co que se limitaría considerablemente a nosa marxe de manobra.

**– Que sectores económicos en España e Galicia serán os más prexudicados?**

– O impacto socio-económico neto do cambio climático será globalmente negativo, pero España está entre as zonas más afectadas como xa a estamos a observar nun grande número de indicadores (reducción de recursos hídricos, aumento de temperaturas...). Galicia pode exercer ocasionalmente de 'refuxio climático' nun entorno tan negativo, pero os impactos negativos sobre os nosos importantes sectores primarios serán certamente relevantes.

**– Como se poden cuantificar os custos económicos do cambio climático?**

– Contamos con aproximacións moi sofisticadas para avaliar estes danos, recollendo desde efectos negativos sobre a saúde até impactos sobre os sectores produtivos. Unha medida de especial interese é o denominado custo social do carbono, que informa actuacións públicas e privadas para mi-

**XAVIER LABANDEIRA**  
| Catedrático de Economía na UVigo

# «España está entre as zonas más afectadas polo cambio climático»

«Galicia pode exercer ocasionalmente de 'refuxio climático' nun entorno tan negativo, pero os impactos sobre os sectores primarios serán relevantes»



Xavier  
Labandeira.  
| Alba Villar

sions, por exemplo por concentración de industrias intensivas en enerxía, e cos fogares de zonas rurais que habitualmente están máis expostos e con menos capacidade de reacción ás políticas climáticas.

**– España está a facer o suficiente en termos de políticas climáticas?**

– Afortunadamente estamos baixo o paraguas da ambiciosa política climática da UE, que leva apoiada a a aplicación directa de diversos instrumentos, como o sistema de comercio de emisións, ou exige aos estados introducir medidas harmonizadas. Porén, a situación é claramente mellorable en moitos ámbitos, por exemplo no gravame dos combustibles fósiles ou a eletrificación de transporte.

**– Pode ser a taxa ao carbono na fronteira de UE unha ferramenta efectiva?**

– Permitirá protexer aos nosos sectores económicos europeos da competencia de lugares onde non contan con políticas climáticas tan desenvolvidas. Debe entenderse, ademais, como unha maneira de promover que eses outros territorios aumenten a súa ambición climática para así evitar o pagamento da tarifa sobre os seus produtos.

**– Estamos avanzando ao ritmo necesario cara a un modelo enerxético sustentable?**

– Desafortunadamente o camiño está a ser moi mais lento do deseñable, incluso en lugares como a UE que non contan con estes recursos enerxéticos e teñen políticas climáticas avanzadas. No noso caso é imprescindible unir aos obxectivos ambientais, non só climáticos, esa redución de dependencia de lugares cada vez menos fiables nun mundo de crecente complexidade.

**– Cales son os principais atracos económicos e políticos que dificultan a implantación masiva de enerxías renovables?**

– As enerxías renovables son cruciais para conseguir a transición a sociedades descarbonizadas e na actualidade son tecnoloxías maduras e competitivas. O seu problema principal ten que ver coa intermitencia, ao depender de sol e vento. Isto pode solucionarse con almacenamento enerxético, expandindo a súa capacidade e interconexións renovables, ou tendo outras tecnoloxías non limpas de apoio. Porén, un atraco importante nalgúns lugares é a oposición social polos impactos paisaxísticos ou porque as rendas que xeran non fican nos territorios. Penso que debemos actuar con decisión para superar as barreiras precedentes ante a persistencia das enerxías contaminantes e a intensificación do cambio climático.

mático que xa está a producirse. En ambos casos buscando minimizar os impactos sobre os que menos tenen.

**– Que medidas deberían adoptarse en España para mitigar os efectos do cambio climático sen xerar desigualdades sociais?**

– Concentrar os recursos disponíbeis para compensacións distributivas só nos fogares máis vulnerables, facilitando o cambio de equipamento e compensando posibles subas de prezos. Tamén ser particularmente coidadoso con territorios moi dependentes desas emi-